



Estimadas familias:

Dámoslles a benvida a un novo curso escolar. Este novo curso estará marcado pola volta á nosa “normalidade” e agardamos que sexa un curso proveitoso para todas e todos.

CANDO COMEZA O COLEXIO?

O colexio **comeza o día 9 de setembro** para todo o alumnado de educación infantil e de educación primaria porque o día 8 é festivo local en Carral.

HORARIO:

O horario lectivo do centro é de **luns a venres de 9.20h a 14.20h**.

ENTRADAS:

O alumnado que emprega o transporte escolar entrará no centro a partir das 9:10h. A entrada e a saída farase polo portal pequeno (patio cuberto). Os alumnos transportados de 4º de Educación Infantil accederán ao vestíbulo acompañados de mestres de garda.

Para o alumnado que **non emprega o transporte escolar** a porta abrirase ás 9.10h. A entrada farase polo portalón de acceso ás varandas para 4º de Educación Infantil e para todo o alumnado de primaria. O alumnado de 5º e 6º de infantil entrará polo portal pequeno do patio cuberto.

Para evitar situacións de perigo, **pregámoslles que non obstaculicen o aparcadoiro dos autobuses escolares.**

Haberá 5 minutos de cortesía para as chegadas dende que toque o timbre, e pasado ese tempo, non poderá acceder ningún alumno/a ao centro ata a comezo da segunda sesión (10.10h) a non ser que teña xustificación médica.

A continuación, detallamos as portas de acceso para cada curso unha vez dentro do recinto escolar.

CURSO	ENTRADA ÁS AULAS
4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)	ACCESO PAVILLÓN
5º e 6º EDUCACIÓN INFANTIL (4 e 5 ANOS)	VESTÍBULO
1º PRIMARIA	PORTA EMERXENCIA PATIO CUBERTO
2º PRIMARIA	PORTA EMERXENCIA PATIO CUBERTO
3º PRIMARIA	VESTÍBULO
4º PRIMARIA "A" e "B"	VESTÍBULO
4º PRIMARIA "C"	PORTA EMERXENCIA INFANTIL
5º PRIMARIA	PORTA EMERXENCIA INFANTIL
6º PRIMARIA	PORTA EMERXENCIA INFANTIL

SAÍDAS:

As **saídas do alumnado non transportado** realizaranse pola baixada do pavillón. As familias poden acceder ao recinto polo aparcadoiro das vivendas.

HORARIO	CURSO
14:15	Ed. Infantil
14:20	Ed. Primaria

Recordamos ás familias que segundo as INSTRUCCIÓNS 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, o alumnado de 5º e 6º poderá saír só do centro, acompañando incluso a un irmán menor, previa firma dunha autorización (que será entregada ao alumnado ou pode descargar da web) dos pais/nais/titor/a legais e **adxuntando unha copia do seu DNI e que poderá reenviar ao centro mediante correo electrónico ou pode ser entregado polo alumnado ao seu titor/a.**

Se teñen que recoller a algún neno/a na escola en horario lectivo deberán avisar por escrito ao titor/a do seu fillo/a e asinar unha autorización de saída na conserxería do centro.

Trala saída do alumnado o centro permanecerá pechado e non poderá acceder ninguén, agás o persoal de limpeza (que **NON ESTÁ AUTORIZADO** para abrilo).



TRANSPORTE ESCOLAR:

- O alumnado maior de 6 anos deberá empregar máscara.
- Se por calquera razón Vdes. prefiren utilizalo só en determinadas viaxes deberán solicitar un impreso no que indicarán que días da semana e en que viaxes non farán uso do servizo, facéndose Vdes. responsables nese caso da recollida dos seus fillos/as. Se a non utilización do servizo é puntual algún día, deberán informar ao persoal do transporte e comunicarllo ao centro, preferentemente a través de correo electrónico.

O transporte sairá do centro entre as 15.10 h e as 15.20 h de luns a venres.

COMEDOR ESCOLAR:

O alumnado accederá ao comedor ás 14.20 horas. Estamos pendentes dun incremento de prazas, en caso de que nolas concedan farase unha segunda quenda arredor das 15.00 h (nesta segunda quenda comería o alumnado de 6º Ed. Primaria que non emprega o transporte escolar).

Os menús de comedor expóranse no taboleiro de anuncios do comedor e na páxina web cunha programación mensual.

O horario de saída do comedor do centro será dende as 15.20 h e as 15.30 h. Recorden que teñen que comunicar as ausencias antes das 9.45 h dese día, preferentemente por correo electrónico ou a través da chamada telefónica no centro.

Tal e como se recolle no punto 5 da Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022 – 2023:

- Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo causarán baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.
- Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.



COMUNICACIÓN FAMILIA- ESCOLA:

A comunicación entre familia e profesorado resulta fundamental para o bo desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe, por iso, as pautas a seguir serán as seguintes:

- O horario de atención ás familias será os **luns** de 16:30h a 17:30h. Deben solicitarlle cita ao titor/a con antelación.
- Para falar con calquera membro do Equipo Directivo ou Orientación pode canalizar a súa cuestión preferentemente, vía correo electrónico (ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal) ou ao teléfono (881 880 446).
- Para realizar trámites na administración do centro o horario será o seguinte:
 - De luns a venres de 9.30 h a 11.00 h e de 12.30 h a 14.00 h
 - Os luns de 15.30 h a 17.00 h

Dende o centro instámoslles a que teñan descargada a App “Abalar Móbil” porque a través dela faremos chegarlle toda a información relativa ao centro. Tamén lles insistimos en que consulten a páxina web do centro.

FALTAS DE ASISTENCIA:

Se un alumno/a non asiste a clase por estar enfermo ou por outra causa, cando retorne ao centro traerá firmado por Vdes. un xustificante que poderá descargar da páxina web.

CALENDARIO ESCOLAR:

As actividades lectivas comezan o 9 de setembro e rematan o 21 de xuño.

➤ Vacacións escolares:

- Día da Festa Nacional: 12 de outubro.
- Día do Ensino: 31 de outubro.
- Día de Todos os Santos: 1 de novembro.
- Día da Constitución: 6 de decembro.
- Día da Inmaculada: 8 de decembro
- Nadal: do 23 de decembro ao 8 de xaneiro, ámbolos dous inclusive.
- Entroido: do 20 ao 22 de febreiro, ambos incluídos.
- Semana Santa: do 3 ata o 10 de abril, ámbolos dous inclusive.



- Día do Traballador: 1 de maio
- Día das Letras Galegas: 17 de maio.

➤ Queda por determinar un día non lectivo elixido polo claustro (en concordancia co IES); en canto o saibamos informarémolos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Ademais das actividades extraescolares ofertadas polo Concello, o centro oferta a Biblioteca Escolar como centro de recursos que será atendida por dous mestres/as de garda.

As normas que se seguirán son as seguintes:

- Poderase acudir para a lectura por pracer, facer empréstitos ou para a búsqueda de información.
- O alumnado de Educación Infantil e o de 1º e ata 3º de primaria acudirá acompañado dunha persoa adulta. O alumnado de 4º deberá ser recollido polos seus proxenitores ou unha persoa autorizada e o alumnado de 5º e 6º poderán saír sós sempre e cando teñan a correspondente autorización asinada.
- Cada hora haberá un máximo de 25 alumnos/as e deben acudir con cita previa.
- O tempo máximo para estar na biblioteca é unha hora.
- As citas solicitaranse por teléfono a máis tardar con 24 horas de antelación ao conserxe. 881880446.
- Esta actividade ofertarase de martes a venres.

Moitas grazas pola vosa colaboración. Un saúdo.

O Equipo Directivo.